

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 26 Maio 2015 10:40



A súa expedición permitirá incluír nun só soporte diversos documentos españois ademais do DNI, como ser o carné de conducir e os datos da Seguridade Social. Facilitará a usabilidade [comunicando a información do carné a dispositivos móbiles](#) así como o desenvolvemento de estratexias de seguridade como os chats exclusivos para menores en Internet. Estas son algunhas das características salientables do novo DNI 3.0 segundo o director xeral da Policía, Ignacio Cosidó, quen o está a presentar nunhas xornadas ante autoridades do Estado e entes privados. A súa expedición anúnciase para antes de fin de ano en todo o territorio do Estado.

Beneficios na seguridade dos menores.

O DNI 3.0 permitirá certificar a identidade dos menores en Internet "para un uso seguro e asegurar que en chats específicos para menores de idade non participan adultos", afírmase na presentación do novo modelo. Ademais, os recién nacidos terán o seu código de identificación persoal que coincidirá co seu DNI para facilitar a súa seguridade desde o nacemento.

Será o modelo único a expedir en 2016

O novo DNI permitirá tamén incluír nel outros documentos como o permiso de condución ou a tarxeta da Seguridade Social. A partir do próximo mes, este novo documento comezará a expedirse no resto de España, tralas probas piloto en Lleida e Palencia, e antes de que acabe o ano será o único modelo que se expida.

Presencia público-privada

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 26 Maio 2015 10:40

A xornada inaugurada esta mañá contou coa presenza de preto de 140 representantes de empresas privadas e organismos públicos. Entre os temas abordados durante a xornada atópanse: a expedición, xestión e seguridade dos novos documentos identitarios españois, aplicacións a partir do DNI 3.0 ou a interoperabilidade DNI e outros na Nube, novas tecnoloxías e funcionalidades. Neste sentido, o director xeral da Policía, Ignacio Cosidó, destacou que "Debemos ser capaces de dar máis seguridade no uso do DNI e para iso é necesaria a colaboración público-privada; é meta común de ambos sectores o prover ao cidadán de seguridade na súa identidade electrónica no mundo".

Máis de 44.000.000 de DNI emitidos

España é unha potencia mundial en identificación electrónica cun total de máis de 44 millóns de DNI emitidos e máis de 11 millóns de pasaportes electrónicos. Anualmente se expiden preto de 5.600.000 DNI, 1.700.000 pasaportes e 700.000 TIE (Tarxeta de Identificación de Estranxeiros), segundo a Policía Nacional

Polo momento, o número total de DNI 3.0 expedidos ascende a 12.916. "A contorna cambiante fai que novos factores inflúan no deseño deste novo DNI, xa que España é un dos países con máis smartphones e tablets, ademais da paulatina consolidación da computación na Nube", sinalan. Engaden que tralo éxito das probas piloto de Lleida e Palencia, a partir de xuño comezará a chegar ao resto de España a expedición do novo DNI e antes de que finalice o ano será o único que se expida en todo o territorio nacional.